

Obdulia Prieto Nespereira, virtuosa pianista e compositora
ourensá de principios do século XX.

N-o Conservatorio Nacional de Música e Declamación tivo nota de Sobresaliente n-os cinco anos de que se examinou, a nena Obdulia Prieto Nespereira, filla d' o noso bo amigo Chinto Prieto, Sobrestante d' a Deputación ourensá.

Foi porparada a distinta alumna, n-o cativo tempo de oito meses, pol-a profesora D.^a Dolores Alarcón, feito que honra a ambas e duas. Felicítamolas, e tamén lle damol-a embora ó pái d' a nov' artista, y-a seu hirmau Xulio, rapaz cuyo méreto como debuxante é xustamente gabado.



Fonte: “Liberal de Madrid”, 1 de xuño de 1929



IV Concurso de Composición
“Obdulia Prieto Nespereira”

IV CONCURSO DE COMPOSICIÓN “OBDULIA PRIETO NESPEREIRA”

O Conservatorio Profesional de Música de Ourense organiza xunto co Departamento de Fundamentos de Composición do Conservatorio o IV Concurso de Composición. Con el preténdese fomentar a creación individual de obras musicais, a creatividade e a liberdade artística polo que a temática é libre e aceptase calquera tipo de estética ou estilo musical.

BASES

1. Participantes: Concurso aberto a calquera persoa, agás o profesorado do CMUS de Ourense

2. Características das composicións: As obras deberán ser orixinais, inéditas, nunca antes estrenadas en público, non editadas, non premiadas noutros concursos. A dificultade das obras deberá ser accesible para o alumnado do Grao Profesional. A instrumentación é a seguinte:

- Quinteto de metais (dúas trompetas, trompa, trombón e tuba)

A duración non excederá dos 5 minutos.

Non hai límite no número de composicións presentadas por persoa compositora.

3. Inscripción: Para inscribirse, os participantes deberán formalizar a inscrición antes do día 30 de xaneiro de 2026 e presentar a documentación (coa fin de preservar o anonimato), do seguinte xeito:

a) A obra deberá presentarse cun título e cun pseudónimo como únicos datos identificativos na partitura.

b) Acompañando á partitura incluírase un sobre pechado identificado externamente co título da obra e o pseudónimo. No interior deste sobre incluírase o boletín de inscrición, unha copia simple do DNI e una declaración firmada na que se indique que a obra presentada non foi editada nin estreada con anterioridade en concerto público, nin co título actual nin con calquera outro. Os traballos serán remitidos por correo postal a:

Conservatorio Profesional de Música de Ourense, Rúa Pablo Iglesias, s/n (C.P. 32004 Ourense).

Nota: No caso de resultar a obra premiada, a persoa compositora terá como máximo quince días dende a publicación do fallo do xurado para entregar as partituras necesarias para a súa interpretación.

4. Xurado: O xurado será formado por 3 persoas relacionadas co mundo da música. Dito xurado resérvese o dereito de declarar deserto calquera dos premios, así como de adxudicar os Accésit que estime oportunos. O fallo do xurado será inapelable e poderá resolver calquera casuística non contemplada nestas bases.

5. Premios:

1º Premio “Obdulia Prieto Nespereira” : 200 euros en cheque para material musical

2º Premio “CMUS Ourense”, exclusivamente para alumnado do CMUS de Ourense: 150 euros en cheque para material escolar

Os premios poden ser acumulativos a unha mesma obra e autor.

6. Estrea:

A obra será estreada no concerto “Compoñemos nós 2026” no Auditorio do CMUS de Ourense, o martes 26 de maio 2026 ás 19 horas.

Máis información: cmus.ourense@edu.xunta.gal

BOLETÍN INSCRICIÓN IV CONCURSO DE COMPOSICIÓN “OBDULIA PRIETO NESPEREIRA”

Nome e apelidos: _____

Enderezo: _____

Teléfono de contacto: _____

Correo electrónico: _____

Alumno/a do CMUS Profesional de Ourense Sí _____ Non _____

